

## Olalla Cociña Lozano

Naceu en 1979 e é natural de Viveiro (Lugo - Galicia). No ano 2000 obtivo o premio de poesía “O Facho” outorgado pola asociación coruñesa do mesmo nome, e catro anos despois conseguiu o segundo premio na XVIII edición do certame literario da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà. Publicou *As cervicais da memoria* (editorial Fervenza, premio de poesía “Avelina Valladares” 2004), *Aquí (intemperies)* (colección “Poeta en Compostela” Grupo Correo, Concello de Santiago, AELG 2006) e *Libro de Alicia*, (editorial Espiral Maior, premio de poesía Fiz Vergara Vilariño 2008).

Participou nas publicacións colectivas *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia* (Eneida, 2005), *Poetas con Rosalía* (Fundación Rosalía de Castro 2006), *Volverlles a palabra* (Difusora de Artes e Letras, 2006), *Letras novas* (AELG e Xunta de Galicia 2008), *Sentimentalismo. Antoloxía de referencia. Etapa de implantación* (ed. Bubela, 2012), entre outras, ademais de participar en numerosos recitais e colaborar en xornais e revistas.

É autora da parte textual dos blogs [www.reveladora.blogspot.com](http://www.reveladora.blogspot.com) e [www.acordome.blogspot.com](http://www.acordome.blogspot.com). Dende outubro do ano pasado organiza o ciclo de lecturas poéticas Picaversos ([www.picaversos.wordpress.com](http://www.picaversos.wordpress.com)) xunto coa bailarina e poeta Branca Novoneyra.